



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Dación de conta de persoal eventual do Concello de Teo

Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do Concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, a persoa titular da Presidencia da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no Concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con dous postos de traballo de persoal eventual, que son a Secretaria de Alcaldía e a Responsable de prensa e comunicación, asignados aos servizos xerais da Entidade Local.

Teo, 29 de decembro de 2025

A alcaldesa,

Lucía Calvo de la Uz

2025/8720